

**CONCELLO DE  
OLEIROS**

## **ANUNCIO**

Despois da reunión do órgano de selección nomeado para xulgar o proceso para cubrir unha praza de **traballador/a social** (persoal laboral fixo), polo sistema de concurso oposición, de acordo coas bases aprobadas por resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2022006143, do 15 de decembro (convocatoria do proceso selectivo aprobado de acordó artigo 2 da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), o tribunal acorda:

**Primeiro.**- Publicar a batería de preguntas á que fai referencia o punto 10.08 das bases que rexen na convocatoria, e que figuran como anexo a este anuncio.

**Segundo.**- Convocar ás persoas aspirantes para realizar a proba da fase de oposición (exame de coñecementos tipo test), que terá lugar o día **5 de abril de 2024** no Centro Municipal de Formación (rúa dos Regos, 24, Liáns, Oleiros). O chamamento comezará ás **10.00 h** polas persoas cuxo primeiro apelido empece pola letra "H". As persoas aspirantes deberán vir provistas do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

En Oleiros, asinado dixitalmente por Mar Ponte Maestre, secretaria do tribunal.

### **Anexo batería preguntas:**

1. Que artigo da Constitución recolle que as comunidades autónomas poderán asumir as competencias en materia de asistencia social?

- a) 148.2
- b) 148.1.20
- c) 148.1.1
- d) 147.1


2. O Estatuto de Autonomía de Galicia asume as competencias en materia de asistencia social?

- a) Si, no artigo 27.21
- b) Si, no artigo 27.22
- c) Si, no artigo 27.23
- d) Non

3. Dentro do marco legislativo estatal e autonómico os concellos poden ter competencia en materia de servizos sociais?

- a) Si, na avaliación e información de situacións de necesidade social
- b) Si, na atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social
- c) A e B son correctas
- d) Non, é algo exclusivo das comunidades autónomas






## CONCELLO DE OLEIROS

4. Cal é a lei que regula os servizos sociais de Galicia?
- Lei 3/2008 de Servizos Sociais de Galicia
  - Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia
  - Lei 23/2008 de Servizos Sociais de Galicia
  - Ningunha é correcta
5. Cal destes non é un principio do sistema galego de servizos sociais?
- Transparencia
  - Globalidade
  - Participación
  - Solidaridade
6. Cal destes é un obxectivo do sistema galego de servizos sociais?
- Protección de menores
  - Facilitar itinerarios de integración social a persoas en risco de exclusión social
  - Garantizar o apoio ás familias
  - Todas son correctas
7. A participación das persoas está contemplada no sistema galego de servizos sociais?
- Si
  - Non, é algo que compete só ás administracións
  - Non, é algo que compete só á administración autonómica
  - Non, é algo que compete só ás administracións e ao servizo de inspección
8. Cales destes son dereitos recoñecidos ás persoas no sistema de servizos sociais?
- Intervención individualizada
  - Trato digno
  - Confidencialidade
  - Todas son correctas
9. O sistema de servizos sociais se estrutura:
- En 3 niveis de atención (o estatal, o autonómico e o local)
  - En 3 niveis de atención (administracións, iniciativa social e iniciativa mercantil)
  - En forma de rede, conforme a dous niveis de actuación
  - Ningunha é correcta
10. Os servizos sociais comunitarios teñen un carácter:
- Local
  - Expansivo
  - Especializado
  - Todas son correctas
11. Os servizos sociais comunitarios comprenden:
- Unha sola modalidade: básicos
  - Dúas modalidades: básicos e específicos
  - Dúas modalidades: básicos e especializados
  - Tres modalidades: básicos, específicos e especializados
12. Cal destas é unha función dos servizos sociais comunitarios básicos segundo o artigo 11.1 da lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia?
- O diagnóstico social da comunidade
  - Programar actividades para grupos vulnerables
  - A atención directa de persoas con déficit de autonomía con programas o en centros
  - Ningunha das respostas é correcta





## CONCELLO DE OLEIROS

13. A intervención profesional nos servizos sociais, de forma xeral, terá un carácter:

- a) Interdisciplinario
- b) Buscando a atención integral
- c) A e B son correctas
- d) Ningunha é correcta

14. A/O profesional de referencia é:

- a) O/a traballador/a social
- b) Preferentemente un/ha traballador/a social
- c) Preferentemente un/ha traballador/a social da rede pública de servizos sociais
- d) Cambiará segundo a/o profesional que atenda á persoa en cada momento da intervención

15. Unha persoa pode solicitar o cambio de profesional de referencia?

- a) Si, se está motivado
- b) Si, só se hai un cambio de concello
- c) Si, só se hai unha relación familiar
- d) Non

16. A estabilidade no emprego das persoas profesionais dos servizos sociais é un criterio avaliable no acceso a financiación pública?

- a) Si
- b) Si, pero só para os postos de traballo social
- c) Si, pero só para as/os profesionais de referencia
- d) Non

17. De acordo cos dereitos das persoas usuarias do servizos sociais comunitarios recollidos no decreto 99/2012 estas poderán presentar queixas e suxerencias ante

- a) O/A Alcalde/sa
- b) O/A concelleiro/a con competencia en materia de servizos sociais no concello
- c) O/a secretario/a municipal
- d) A persoa coordinadora dos servizos sociais comunitarios

18. As persoas usuarias teñen dereito a coñecer a situación do seu expediente?

- a) Si
- b) Só nos casos de menores
- c) Só nos casos de tramitación de prestacións concretas
- d) Non

19. Cal dos seguintes é un deber das persoas usuarias dos servizos sociais?

- a) Comunicar con 10 días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, a ausencia tempoal que poida dificultar ou impedir os servizos no domicilio
- b) Poñer a disposición os medios materiais necesarios cando se trate de servizos no domicilio
- c) Facilitar información veraz e precisa sobre as súas circunstancias para acceder e utilizar servizos
- d) Todas son correctas


20. En relación co programa de valoración, orientación e información, cal destas afirmacións é a correcta?

- a) Non é unha prestación esencial do sistema en Galicia, só é a nivel estatal
- b) Garante o acceso universal e gratuito ao sistema de servizos sociais
- c) É o programa dende o que se fai unha intervención especializada
- d) Ningunha é correcta

21. En relación á entrevista inicial no programa de valoración, orientación e información, cal destas afirmacións é a correcta?

- a) Será realizada pola calquera persoa do equipo que se atope cara ao público, independentemente da súa cualificación





## CONCELLO DE OLEIROS

- b) A entrevista debe ter lugar no momento inmediato no que a persoa o solicite
- c) Debe rexistrarse no sistema de información social básico
- d) Ningunha é correcta

22. Para poder solicitar a financiación dos servizos sociais comunitarios ante a Xunta de Galicia é necesario presentar:

- a) O proxecto anual dos servizos sociais comunitarios do ano en curso
- b) A xustificación e avaliación do proxecto anual dos servizos sociais comunitarios do ano anterior
- c) Non é necesario presentar ningunha documentación, a financiación ven marcada polo número de habitantes de acordo á táboa recollida no decreto 99/2012.
- d) A e b son correctas

23. Segundo o decreto 99/2012, a financiación do persoal técnico ven recollida nunha táboa na que se establece:

- a) Unha cantidade por cada categoría profesional
- b) Unha cantidade fixa por cada persoa do equipo dos servizos sociais comunitarios que non teña outro tipo de financiación, independentemente da súa categoría
- c) Un importe máximo de financiación en función do número de habitantes
- d) Non se establece no decreto, cada ano a consellería competente establece unhas contías fixas para cada persoa traballadora nos servizos sociais comunitarios, independentemente da súa categoría

24. Cal é a parroquia con maior densidade de poboación do Concello de Oleiros?

- a) Liáns
- b) Perillo
- c) Dorneda
- d) Mera

25. Cal destas non é unha parroquia do Concello de Oleiros?

- a) Serantes
- b) Iñás
- c) Oleiros
- d) Mera

26. Cal é parroquia con máis habitantes do Concello de Oleiros?

- a) Perillo
- b) Santa Cruz
- c) Liáns
- d) Nós

27. Cal destas é unha medida de inclusión social recollida na ordenanza do Concello de Oleiros?

- a) Prestación farmacéutica
- b) Apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica
- c) Fondo de Axuda Europea para os máis necesitados (FEAD)
- d) Todas son correctas


28. Segundo a ordenanza de medidas para a inclusión social do Concello de Oleiros, para o cálculo dos ingresos da unidade familiar, poden descontarse algún dos seguintes gastos?

- a) O aluguer
- b) A hipoteca
- c) A e B son correctas
- d) Ningunha é correcta, non se pode descontar dos ingresos ningún gasto

29. Segundo a ordenanza de medidas para a inclusión social (OMIS) do Concello de Oleiros, con carácter xeral, cal é período mínimo de empadramento dunha persoa para poder ser beneficiaria?

- a) 3 meses
- b) 4 meses





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

- c) 6 meses
- d) 1 ano

30. Segundo a OMIS do Concello de Oleiros, con carácter xeral, cal é o importe máximo anual que pode recibir unha unidade de convivencia en concepto de axuda económica?

- a) 1000 €
- b) 1500 €
- c) 2000 €
- d) 2500 €

31. Segundo a OMIS do Concello de Oleiros, con carácter xeral, cal é o importe de redución dos prezos públicos nas actividades municipais?

- a) 50%
- b) 75%
- c) 95%
- d) 100%

32. A actual ordenanza que regula o servizo de axuda no fogar do Concello de Oleiros é do ano:

- a) 2012
- b) 2013
- c) 2014
- d) 2015

33. Na ordenanza que regula o servizo de axuda no fogar do Concello de Oleiros a atención de podoloxía está contemplada como unha atención:

- a) De carácter básico
- b) De carácter complementario
- c) De carácter sanitario
- d) Ningunha é correcta, non está contemplada esta atención

34. A participación das persoas usuarias no prezo público do SAF Libre Concorrenza se establece na táboa de copagamento recollida:

- a) Na ordenanza reguladora do SAF do Concello de Oleiros
- b) No decreto 99/2012 polo que regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento
- c) Na lei de 13/2008 de servizos sociais de Galicia onde describe o SAF
- d) Na ordenanza fiscal reguladora do SAF do Concello de Oleiros

35. Na ordenanza que regula o servizo de axuda no fogar do Concello de Oleiros recolle que ten que haber tres persoas en funcións de coordinación do servizo cando haxa:

- a) Entre 100 e 199 persoas usuarias
- b) Entre 200 e 299 persoas usuarias
- c) Entre 200 e 399 persoas usuarias
- d) Non marca ningún número determinado de persoas en coordinación


36. O recoñecemento da condición de familia numerosa corresponde a:

- a) Concello de Oleiros
- b) Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- c) Xunta de Galicia
- d) Equipo Técnico do/a menor

37. Segundo a lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o apoio familiar abordará especialmente:

- a) As crises do ciclo vital da familia
- b) As situacións de conflito
- c) A viabilidade adaptativa do grupo familiar
- d) Todas as respostas son correctas






## CONCELLO DE OLEIROS

38. Na mediación familiar, a persoa mediadora actúa de forma:
- Neutral
  - Imparcial
  - Confidencial
  - Todas as respostas son correctas
39. No exercicio das competencias atribuídas en materia de infancia e adolescencia, a Xunta de Galicia levará a cabo:
- A garda das persoas menores en situación de desamparo
  - A imposición de medidas xudiciais a persoas menores infractoras
  - A tutela das persoas menores en situación de desamparo
  - Todas as respostas son incorrectas
40. Segundo a lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, non é unha finalidade da mediación familiar:
- A busca de solucións satisfactorias e duradeiras no tempo
  - Asegurar a protección do interese superior do/da menor e o seu benestar
  - Favorecer a responsabilidade parental compartida
  - A retirada do/da menor do seu núcleo familiar
41. Segundo a lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, “a utilización do castigo físico ou emocional sobre a persoa menor que, sen constituír episodio severo ou patrón crónico de violencia, prexudique o seu desenvolvemento” constitúe unha situación de:
- Risco
  - Desamparo
  - Desatención
  - Exclusión social
42. Por cal dos principios seguintes deben guiarse as actuacións ante situacións de desprotección social dos/das menores:
- De máxima intervención
  - De intervención mínima
  - De intervención mínima e proporcionalidade
  - De inmediatez na resposta e celeridade na intervención
43. Segundo a lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, cal das seguintes situacións non é considerada unha situación de desamparo:
- O abandono da persoa menor de idade
  - A indución da persoa menor de idade á mendicidade
  - A falta de atención física ou intelectual da persoa menor que supoña un prexuízo leve para a súa saúde física ou emocional
  - A existencia de malos tratos físicos ou psíquicos ou de abusos sexuais por parte das persoas da unidade familiar ou por terceiras persoas con consentimento de aquelas.
44. De conformidade á lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, para a adopción da medida de acollemento, cal dos seguintes criterios é falso:
- Dar prioridade ao acollemento familiar sobre o residencial
  - Fomentar as relacións entre a persoa menor e a súa familia natural para posibilitar a súa reintegración á mesma
  - Propiciar a separación de irmáns para non sobrecargar a figura de acollemento
  - Manter a medida de acollemento o tempo estritamente necesario
45. En que ano foi aprobado o II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros:
- 2019
  - 2020
  - 2021





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

d) 2022

46. A liña estratéxica 3 do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros fai referencia a:

- a) Participación social no cambio de valores e empoderamento das mulleres
- b) Goberno municipal
- c) Coidados e corresponsabilidade
- d) Violencia de xénero e outras violencias machistas

47. O obxectivo específico do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros no que se establece “fomentar a autonomía económica e unha maior participación das mulleres no mercado laboral” en que liña estratéxica está enmarcado:

- a) Goberno municipal
- b) Coidados e corresponsabilidade
- c) Violencia de xénero e outras violencias machistas
- d) Participación social no cambio de valores e empoderamento das mulleres

48. En que ano se creou o CEIS As Mariñas:

- a) 2017
- b) 2018
- c) 2019
- d) 2020

49. Segundo o Regulamento de Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS As Mariñas as persoas que o integran serán nomeadas por un período de :

- a) Dous anos
- b) Tres anos
- c) Catro anos
- d) Cinco anos

50. Cal das seguintes non é unha función do CEIS As Mariñas:

- a) Elaborar e promover protocolos de actuación, recomendacións, informes e códigos de boas prácticas profesionais
- b) Analizar, asesorar e facilitar a toma de decisións ante problemas éticos que se produzan na intervención social
- c) Adoptar decisións de carácter vinculante
- d) Promover a cultura ética nos servizos sociais

51. A participación das persoas que integran o CEIS As Mariñas é:

- a) Por designación
- b) En representación
- c) Voluntaria
- d) Ningunha das respostas é correcta


52. Cal dos seguintes servizos non está enmarcado no Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas:

- a) Asesoría xurídica
- b) Centro de Información á Muller
- c) Gabinete de inserción sociolaboral
- d) Comité de ética en intervención social

53. O persoal técnico que depende do Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio As Mariñas está ubicado no:

- a) Concello de Oleiros
- b) Concello de Bergondo
- c) Concello de Sada
- d) Concello de Culleredo





## CONCELLO DE OLEIROS

54. De conformidade coa lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, os equipos de intervención dos servizos sociais que traballen no ámbito da violencia sobre as persoas menores de idade deben estar constituídos, preferentemente, por:

- a) Profesionais da educación social
- b) Profesionais da psicoloxía
- c) Profesionais da avogacía, especializados/as en casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia
- d) Todas as respostas son correctas

55. Desde os servizos sociais comunitarios, de que maneira debe realizarse a valoración dos casos de violencia sobre a infancia e a adolescencia?

- a) De forma interdisciplinar
- b) De forma coordinada coa entidade pública de protección á infancia
- c) En colaboración cos ámbitos de saúde, educación, xudicatura ou de seguridade que poidan achegar información sobre a situación da persoa menor de idade
- d) Todas as respostas son correctas

56. De conformidade coa lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, nos casos de mulleres vítimas de violencia de xénero o prazo máximo desde a solicitude de RISGA ata o seu abono efectivo será de:

- a) Quince días
- b) Un mes
- c) Dous meses
- d) Como calquera outra solicitude de Risga

57. Cantas reunións ordinarias, como mínimo, debe ter o CEIS As Mariñas anualmente:

- a) Tres
- b) Catro
- c) Cinco
- d) Seis

58. O persoal dos servizos sociais, no exercicio das súas funcións relativas á protección dos nenos e das nenas e adolescentes, poderá solicitar colaboración:

- a) Das forzas e corpos de seguridade
- b) Dos servizos sanitarios
- c) De calquera servizo público que sexa necesario para a súa intervención
- d) Todas as resposta son correctas

59. A que liña estratéxica corresponde a medida de actuación “Impulso da Mesa de Coordinación Interinstitucional” do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros?

- a) Goberno municipal
- b) Coidados e corresponsabilidade
- c) Violencia de xénero e outras violencias machistas
- d) Participación social no cambio de valores e empoderamento das mulleres

60. O ámbito territorial do CEIS As Mariñas é:


- a) Concellos que integran a comarca de As Mariñas
- b) Concellos que forman parte de área metropolitana da cidade de A Coruña
- c) Concellos que integran o Consorcio As Mariñas
- d) Os concellos de Cambre, Carral, Culleredo e Oleiros

61. A efectos da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por infancia o período de vida das persoas comprendido:

- a) Desde o nacemento ata os 14 anos de idade
- b) Desde o nacemento ata os 12 anos de idade
- c) Desde o nacemento ata os 10 anos de idade
- d) Todas as respostas son incorrectas







## CONCELLO DE OLEIROS

62. A detección das necesidades de carácter sanitario, educativo, económico, sociolaboral, familiar ou outras análogas que afecten aos nenos, nenas e adolescentes é unha competencia:

- a) Autonómica
- b) Municipal
- c) Estatal
- d) Europea

63. Nos casos de declaración da situación de desamparo dunha persoa menor ou adolescente, o trámite de audiencia poderá omitirse:

- a) Nos casos de ingreso en centro residencial da persoa menor
- b) Nos casos de acollemento familiar da persoa menor
- c) Nunca
- d) Nos casos de urxencia con grave risco para a persoa menor

64. No caso de persoas menores infractoras son medidas de medio aberto as seguintes:

- a) Prestacións en beneficio da comunidade
- b) Internamento en centro en réxime semiaberto
- c) Permanencia de fin de semana en centro
- d) Ningunha das respostas é correcta

65. O artigo 3 da Lei 10/2013 de Inclusión de Galicia, recolle como factores de exclusión os seguintes:

- a) Ter cargas familiares compartidas
- b) Ter unha discapacidade inferior ao 33%.
- c) Pertencer a unha maioría étnica.
- d) Ningunha é correcta.

66. No caso dunha persoa perceptora de RISGA, a libranza para coidados no ámbito familiar é:

- a) Compatible e non deducible.
- b) Incompatible e deducible.
- c) Compatible e deducible
- d) Ningunha é correcta.

67. Sinala a resposta correcta, a concesión máxima para o Tramo de Transición ao emprego de RISGA é:

- a) Anual e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a concesión.
- b) Máximo de 12 meses, prorrogable por 6 meses máis.
- c) Aboarase por un máximo de seis meses.
- d) A e B son correctas.

68. Sinala a resposta correcta, a concesión máxima para o Tramo de Inserción de RISGA é:

- a) Anual e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a concesión.
- b) Máximo de 12 meses, prorrogable por 6 meses máis.
- c) Aboarase por un máximo de seis meses.
- d) A e B son correctas.


69. As axudas de inclusión social non poden destinarse a:

- a) O uso da vivenda
- b) A mellora da habitabilidade da vivenda habitual
- c) Os subministros da vivenda
- d) As atencións sanitarias e sociosanitarias non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais.

70. Cada canto tempo pode concederse unha axuda de inclusión social de habitabilidade da vivenda?

- a) Unha cada cinco anos.
- b) Unha cada tres anos.
- c) Unha cada dous anos
- d) Unha cada ano.





## CONCELLO DE OLEIROS

71. Os requisitos para o acceso á RISGA son:

- a) Ter residencia efectiva superior a 6 meses, nun período dun ano
- b) Ter residencia legal, conforme a normativa vixente.
- c) Ter cumpridos os 25 anos na data da solicitude da prestación
- d) Todas son correctas.

72. Segundo o Decreto 14/2019, os diferentes tramos que se recollen para a RISGA son:

- a) Tramo persoal e familiar
- b) Tramo de inserción
- c) Tramo de transición ao emprego
- d) Todas son correctas

73. A contía mínima do tramo persoal e familiar de RISGA é o:

- a) 75% do IPREM.
- b) 85% do IPREM
- c) 95% do IPREM
- d) 80% do IPREM

74. A contía do complemento de aluguer de RISGA para unha unidade de convivencia con menores é do:

- a) 10% do IPREM.
- b) 20% do IPREM
- c) 15% do IPREM
- d) A e C son incorrectas

75. O Programa Individual de Atención (PIA) no Sistema de Atención á Dependencia, poderá ser revisado nos seguintes casos:

- a) De oficio polo órgano do departamento territorial da consellería con competencias en servizos sociais.
- b) A instancia da persoa interesada ou de quen exerce a súa representación.
- c) A e B son correctas.
- d) A e B son incorrectas.

76. O PIA no Sistema de Atención á Dependencia poderá ser revisado de oficio, nos seguintes casos:

- a) A instancia da persoa interesada.
- b) Polo traslado de residencia dende outra comunidade autónoma
- c) A e B son correctas.
- d) A e B son incorrectas.

77. O Programa de asignación de recursos establece como criterios de prioridade:

- a) O maior grao de dependencia.
- b) A menor capacidade económica.
- c) A idade da persoa en situación de dependencia
- d) Todas son correctas


78. Para ser titulares do dereito ao recoñecemento de dependencia é requisito:

- a) Residir na Comunidade Autónoma na data da presentación da solicitude.
- b) Residir no territorio español durante 5 anos, dos cales dous deben ser inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.
- c) Residir no último ano no mesmo concello
- d) A de B son correctas.

79. Segundo a Orde do 30 de novembro do 2023, a intensidade do Servizo de Axuda no Fogar para o grao II é de:

- a) De 20 a 37 horas ao mes.
- b) De 37 a 65 horas ao mes.
- c) De 38 a 64 horas ao mes.
- d) Ningunha é correcta.





## CONCELLO DE OLEIROS

80. Segundo a Orde do 30 de novembro do 2023, a contía para a libranza vinculada ao servizo de atención residencial ten un nivel de protección adicional de:

- a) De 150 euros
- b) De 100 euros
- c) De 416,66 euros
- d) Non existe ningún nivel de protección adicional

81. Segundo a orde do 30 de novembro do 2023, son servizos de atención residencial:

- a) Residencia de maiores en situación de dependencia.
- b) Centro de día para persoas en situación de dependencia para diferentes tipos de discapacidade
- c) Centro ocupacional
- d) A e B son correctas.

82. Segundo a lexislación vixente, se consideran medidas voluntarias de apoio e garda de feito para as persoas con discapacidade:

- a) A garda de feito
- b) A curatela
- c) O defensor xudicial
- d) Todas son correctas.

83. Segundo a Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio das persoas con discapacidade sinala a afirmación correcta:

- a) A garda de feito é unha medida formal de apoio que se aplicará a quenes precisen un apoio con tinuado.
- b) A garda de feito é unha medida informal de apoio que se aplicará cando non existan medidas xudiciais.
- c) A curatela non é unha medida de apoio
- d) Ningunha é correcta

84. Segundo a Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio das persoas con discapacidade, poderán exercer medidas de apoio:

- a) As persoas que non teñan conflitos de interese
- b) As persoas cunha relación contractual coa persoa interesada
- c) As persoas xurídicas que presten servizos asistenciais
- d) As persoas xurídicas que presten servizos residenciais

85. Son funcións da curatela, segundo a Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio das persoas con discapacidade:

- a) Realizar actos de transcendencia persoal ou familiar, cando a persoa afectada non poida facelo por si mesma.
- b) Interpoñer unha demanda en nome da persoa a que lle presta apoio
- c) A e B son incorrectas
- d) A e B son correctas


86. Segundo a Lei 10/2011 de acción Voluntaria de Galicia, os menores de idade poden participar:

- a) Só a través de actividades enmarcadas no ámbito escolar.
- b) Só en actividades enmarcadas en entidades xuvenís
- c) En programas ou proxectos adaptados as súas características, mediante autorización expresa dos seus proxenitores, dos seus titores ou da institución que os teña ao seu cargo, con respecto da vontade da persoa menor de idade.
- d) Ningunha é correcta

87. Segundo a Lei 10/2011 de Acción Voluntaria de Galicia, sinala cal destes é un dereito da persoa voluntaria:

- a) Ser tratada sen ningún tipo de discriminación con respecto a liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.





## CONCELLO DE OLEIROS

- b) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.
- c) Desenvolver as actividades de acción voluntaria en condicións de seguranza, hixiene e saúde
- d) Todas son correctas

88. Segundo a Lei 10/2011 de acción Voluntaria de Galicia, o documento que recolle a alta da persoa voluntaria, recibe o nome:

- a) Compromiso de Colaboración
- b) Proxecto de Inserción
- c) Proxecto Individual de Atención
- d) Proposta de intervención

89. Sinala cal é o significado do acrónimo S.I.U.S.S.

- a) Sistema Único de Servizos Sociais
- b) Sistema de Uso para os Servizos Sociais
- c) Sistema de Información de Usuarios de Servizos sociais
- d) Sistema Integral de Usuarios de Servizos sociais

90. Os datos básicos para poder dar de alta un expediente no Sistema SIUSS son:

- a) Apelidos e Nome
- b) Apelido, Nome, DNI/NIE/Pasaporte, data de nacemento e Nacionalidade
- c) Apelidos e Nome, DNI e enderezo
- d) Ningunha é correcta.

91. Os contidos da HSUE fan referencia a:

- a) Identificación da persoa usuaria e dos ou das profesionais.
- b) Valoracións técnicas no ámbito de servizos sociais.
- c) Intervencións sociais e seguimento do caso
- d) Todas son correctas

92. O significado do acrónimo de HSUE é:

- a) Historial Social da Unión Europea
- b) Historia Social Única Electrónica
- c) Historia Social Unificada Electrónica
- d) Ningunha é correcta

93. A entrevista, considérase:

- a) Un instrumento do traballo social
- b) Un cuestionario do traballo social
- c) Unha técnica do traballo social
- d) Unha técnica exclusiva do traballo social

94. En que apartado do SIUSS se recolle unha entrevista?

- a) Nas Xestións da Intervención
- b) Na Cabeceira do Expediente
- c) Na Unidade Familiar
- d) Nas persoas de apoio


95. Segundo o código Deontolóxico do Traballo Social, a confidencialidade é:

- a) Voluntaria
- b) A criterio da/o profesional
- c) Optativa
- d) Ningunha é correcta

96. No Código Deontolóxico do Traballo Social son principios básicos:

- a) Universalidade e globalidade
- b) Dignidade, universalidade e aceptación da persoa usuaria





## CONCELLO DE OLEIROS

- c) Individualización e respecto activo
- d) Dignidade, liberdade e igualdade.

97. Segundo o código Deontolóxico do Traballo Social, o principio xeral de Integridade:

- a) Esixe ao profesional non abusar da relación de confianza coa persoa usuaria
- b) Recoñecer os límites entre a vida persoal e profesional
- c) Non aproveitarse da súa posición para obter beneficio ou ganancias persoais.
- d) Todas son correctas

98. De conformidade coa Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade, as medidas de natureza voluntaria son:

- a) As establecidas pola persoa con discapacidade
- b) As establecidas pola figura do/a defensor/a xudicial
- c) As establecidas pola autoridade xudicial
- d) Todas as respostas son correctas

99. De conformidade coa Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, a curatela debe aplicarse:

- a) Cando a necesidade de apoio é ocasional
- b) Cando a necesidade de apoio é continuada
- c) Nunca debe de aplicarse, pois coarta a liberdade da persoa con discapacidade
- d) Sempre e cando a persoa con discapacidade estea de acordo

100. Segundo a Lei Orgánica 8/2021 de Protección Integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia, corresponde aos servizos sociais comunitarios básicos:

- a) Establecemento de vías para apoiar as familias no exercicio positivo das súas funcións parentais de protección.
- b) A valoración sobre a persoa menor de idade e o seu contorno familiar e social
- c) Notificar os servizos sociais especializados de protección de menores nos casos de maltrato.
- d) Todas son correctas

101. Cal é a Concellería impulsora do II Plan de Igualdade do Concello de Oleiros:

- a) Benestar Social
- b) Servizos Sociais e Igualdade
- c) Servizos Sociais e Muller
- d) Igualdade

102. A que prestación corresponde a seguinte definición: “Prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante un proxecto de inserción individualizado”:

- a) Ingreso Mínimo Vital
- b) Renda Activa de Inserción
- c) Renda de Inclusión Social de Galicia.
- d) Pensión Non Contributiva


103. Cantas Escolas Infantís públicas teñen a súa ubicación no Concello de Oleiros?

- a) Unha
- b) Dúas
- c) Tres
- d) Catro

104. En que localidades se ubican os equipamentos onde se leva a cabo o servizo de valoración, información e orientación dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Oleiros?

- a) Santa Cruz, Perillo e Oleiros
- b) Oleiros e Santa Cruz





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

- c) Oleiros e Perillo
- d) Santa Cruz e Perillo

105. Segundo a Lei 10/2011 de Acción Voluntaria de Galicia, sinala cal das seguintes é unha obriga da entidade de acción voluntaria

- a) Elaborar o seu regulamento de réxime interno.
- b) Facilitar as persoas voluntaria unha acreditación
- c) Impedir que as persoas voluntarias substitúan a outras con postos de traballo remunerados
- d) Todas son correctas

